



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZASETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (10/2026)

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas e un minuto do día dezasete de xullo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dezanove horas. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 18 de xuño de 2026
- 2.- Proposta de festivos locais para o ano 2026
- 3.- Adhesión á Declaración institucional da FEMP de apoio e Solidariedade co pobo venezolano tras os terremotos do pasado 24 de xuño
- 4.- Moción do Partido Popular de Monfero para instar á Deputación Provincial da Coruña á mellora integral da estrada DP-5005
- 5.- Dar conta do estado de tramitación do expediente das obras de rehabilitación integral de edificio municipal destinado a Centro social
- 6.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de xuño de 2026
- 7.- Asuntos urxentes

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2026

Como está acordado, esta acta publicouse no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. O Sr. Alcalde en funcións pregunta se puideron lela. Non se produce ningunha intervención. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 18 de xuño de 2026 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o declara.

2.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2027

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000010, enviouse, coa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o interesado pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, co obxecto de comunicar as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2027 para os efectos de ditar a resolución pola que se determinan as festas laborais de ámbito local correspondentes a todos os concellos da provincia, propóñolle ao Pleno da corporación que adopte o seguinte acordo:

Propoñerlle á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Luns e o Martes de Entroido como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no municipio de Monfero para o ano 2027.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e O Sr. Alcalde en funcións manifesta case simultaneamente que hai un erro no título do punto na orde do día, xa que no sitio de 2027 pon 2026, que queda corrixido.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que, como todos estes anos de atrás, propoñen que segan sendo festivos locais o luns e o martes de Entroido se lles parece ben a todos. Tanto a Sra. Voceira do Grupo Popular como o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, manifestan a súa conformidade. Non se produce ningunha outra intervención e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a proposta a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama e a proposta da alcaldía á que se refire este punto da orde do día queda aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e adoptado o acordo que contén.

3.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP DE APOIO E SOLIDARIEDADE CO POBO VENEZOLANO TRAS OS TERREMOTOS DO PASADO 24 DE XUÑO

A Declaración institucional da FEMP á que se refire este punto da orde do día consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000010, enviouse, ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOYO Y SOLIDARIDAD CON EL PUEBLO VENEZOLANO TRAS LOS TERREMOTOS DEL PASADO 24 DE JUNIO

El miércoles 24 de junio de 2026, el norte de Venezuela sufrió un doble terremoto que ha

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

provocado una emergencia humanitaria de enorme gravedad. Según los últimos balances conocidos, la tragedia deja en torno a 3.811 víctimas mortales, 16.740 heridos y un número aún indeterminado de personas desaparecidas o no localizadas, en un recuento sujeto a revisión conforme avanzan las labores de rescate y atención a las zonas afectadas.

Los seísmos han causado también numerosas familias damnificadas y graves daños en viviendas, infraestructuras, equipamientos y servicios básicos. Estimaciones preliminares sitúan en cerca de 59.000 las edificaciones afectadas, lo que refleja la magnitud del impacto material de la catástrofe. La situación ha exigido la movilización de medios de emergencia, equipos de rescate, personal sanitario, organizaciones humanitarias y voluntarios para atender a la población afectada.

España mantiene con Venezuela vínculos históricos, culturales, sociales y humanos especialmente estrechos. En nuestro país reside una importante comunidad venezolana y son muchos los municipios españoles en los que viven ciudadanos de origen venezolano o familias con relación directa con el país. Por ello, esta tragedia se siente también en nuestros pueblos y ciudades.

El 29 de junio de 2026, tras el acuerdo unánime de la Junta de Portavoces de la Federación Española de Municipios y Provincias, Ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consells Insulares de toda España guardaron a las 12:00 horas un minuto de silencio en recuerdo de las víctimas y como expresión de solidaridad del municipalismo español con el pueblo venezolano.

La convocatoria puso de manifiesto una posición compartida de los gobiernos locales españoles: acompañar a las víctimas, apoyar a la comunidad venezolana residente en España y contribuir, dentro de sus competencias y posibilidades, a que la ayuda llegue de forma ordenada a quienes más la necesitan.

La Federación Española de Municipios y Provincias expresa su profundo pesar por las víctimas de los terremotos registrados en Venezuela y traslada sus condolencias a sus familias, allegados y comunidades afectadas.

La FEMP manifiesta su solidaridad con el pueblo venezolano, con las personas heridas, con quienes han perdido sus hogares o medios de vida y con todos los damnificados por esta catástrofe. La federación hace extensivo este apoyo a la comunidad venezolana residente en España, que vive estos días con especial dolor e incertidumbre la situación de sus familiares y lugares de origen.

Asimismo, la FEMP reconoce la labor de los equipos de emergencia, protección civil, personal sanitario, organizaciones humanitarias, voluntarios, asociaciones, hermandades, entidades sociales y personas anónimas que están contribuyendo a la atención de las víctimas y a la canalización de la ayuda.

La respuesta de numerosos ciudadanos y entidades locales al minuto de silencio convocado por la FEMP refleja el compromiso solidario de nuestros municipios con el pueblo venezolano en estos momentos de duelo.

Como gesto simbólico de apoyo, la sede de la FEMP, en la calle Nuncio número 8 de Madrid, se ha iluminado con los colores de la bandera de Venezuela, en recuerdo de las víctimas y como muestra de solidaridad con el pueblo venezolano.

La FEMP reafirma el valor de la cooperación descentralizada como instrumento de solidaridad entre pueblos y ciudades, promoviendo la colaboración entre administraciones locales para contribuir a la recuperación del pueblo venezolano.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Medidas y cauces de colaboración

Además de estas muestras de apoyo, la FEMP invita a las entidades locales, en el marco de la autonomía local, de las competencias de cada entidad y de las disponibilidades presupuestarias correspondientes, a valorar distintas formas de colaboración:

1. La activación de ayudas económicas extraordinarias destinadas a la emergencia humanitaria, mediante fondos de cooperación o emergencia allí donde existan, o mediante aportaciones específicas cuando cada entidad local lo considere posible.
2. La canalización de aportaciones a través de organizaciones humanitarias con presencia efectiva en el terreno, capacidad logística acreditada o contacto directo con las zonas afectadas, como Cruz Roja, Cáritas, Unicef, Médicos Sin Fronteras u otras entidades especializadas.
3. La aprobación o adhesión, en su respectivo ámbito institucional, a declaraciones de solidaridad con Venezuela y de apoyo a las personas afectadas.
4. La promoción de campañas informativas para orientar a los ciudadanos sobre canales seguros, ordenados y acreditados de colaboración.
5. La organización de jornadas culturales benéficas, actos públicos de apoyo, actividades solidarias u otras iniciativas impulsadas junto a asociaciones y colectivos venezolanos.
6. La cesión, cuando sea posible, de espacios públicos municipales para acciones solidarias promovidas por entidades sociales acreditadas.
7. La realización de gestos institucionales de recuerdo, apoyo y solidaridad, como la iluminación de edificios públicos con los colores de la bandera de Venezuela u otras muestras simbólicas acordadas por cada entidad local. Estos gestos simbólicos podrán ir acompañados de acciones de sensibilización ciudadana y educación para la solidaridad internacional.
8. La FEMP reconoce asimismo la contribución de la comunidad venezolana residente en España y anima a las entidades locales a colaborar con sus asociaciones para canalizar la solidaridad y facilitar el apoyo a las personas afectadas.

La FEMP recuerda la importancia de canalizar la colaboración a través de cauces seguros y entidades acreditadas, para que las iniciativas solidarias sumen esfuerzos y respondan a las necesidades reales de las personas afectadas.

La reconstrucción deberá orientarse hacia criterios de sostenibilidad, resiliencia frente a desastres naturales y fortalecimiento de los servicios públicos locales, conforme a los Objetivos de Desarrollo Sostenible.

Con esta declaración, la Federación Española de Municipios y Provincias reafirma el compromiso del municipalismo español con la cooperación, la solidaridad internacional y el apoyo al pueblo venezolano ante una emergencia humanitaria de especial gravedad."

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, como todos saben, o 24 de xuño ocorreu unha catástrofe en Venezuela, unha emerxencia humanitaria, co dobre terremoto que houbo, con 3.800 vítimas 16.000 feridos, desaparecidos, preto de 60.000 edificacións inestables... unha catástrofe en toda regra. Que o que se pretende é adherirse a Declaración da FEMP para reafirmar o compromiso do municipalismo español coa cooperación, coa solidariedade internacional e co apoio ao pobo venezolano ante unha emerxencia de tal calado e especial relevancia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Deseguido, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai sometela a adhesión á dita declaración a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a adhesión do Concello á Declaración Institucional da FEMP de apoio e solidariedade co pobo venezolano tras os terremotos do pasado 24 de xuño, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

4.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE MONFERO PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA Á MELLORA INTEGRAL DA ESTRADA DP-5005

A moción do Partido Popular de Monfero á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/G010/000010, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, ao Sr. Concelleiro do BNG, e transcríbese textualmente a continuación:

MOCIÓN PARA INSTAR A LA DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA A LA MEJORA INTEGRAL DE LA CARRETERA DP-5005

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La carretera provincial DP-5005, que comunica los núcleos de Taboada y Os Loureiros (Andrade) y discurre por los términos municipales de Pontedeume, Monfero y Vilarmajor, presenta desde hace años un estado de conservación claramente deficiente, con un firme muy deteriorado, baches, grietas y otras deficiencias que comprometen gravemente la seguridad vial y la comodidad de los usuarios.

Se trata de una vía muy utilizada por los vecinos de los tres municipios, ya que constituye una conexión habitual entre distintos núcleos de población y una de las principales vías de acceso a la parroquia de Campolongo, soportando diariamente el tránsito de turistas, vehículos agrícolas, vehículos de servicios y otros usuarios.

A esta elevada intensidad de uso se suma que la DP-5005 presenta una plataforma especialmente estrecha en numerosos tramos, dificultando el cruce de dos vehículos en condiciones de seguridad y obligando, en muchas ocasiones, a realizar maniobras complejas o a invadir los márgenes de la calzada. Esta circunstancia, unida al deficiente estado del firme, incrementa el riesgo de accidentes, genera importantes molestias a los usuarios y evidencia la necesidad de una actuación integral sobre la vía.

Los vecinos de Pontedeume, Monfero y Vilarmajor tienen derecho a disponer de unas infraestructuras viarias seguras, modernas y adaptadas a las necesidades actuales. Sin embargo, el estado de esta carretera dista mucho de los estándares de calidad y seguridad que deben garantizar las administraciones públicas.

Al tratarse de una carretera de titularidad de la Diputación Provincial de A Coruña, corresponde a esta administración impulsar las actuaciones necesarias para su acondicionamiento. Por ello, resulta imprescindible que la Diputación redacte el correspondiente proyecto técnico y programe la ejecución de una actuación integral que permita mejorar el firme, reforzar la seguridad vial y corregir, en la medida de lo técnicamente posible, las deficiencias geométricas de la carretera, especialmente su escasa anchura en aquellos tramos donde ello sea viable.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACUERDOS

Por todo lo expuesto, el Pleno del Ayuntamiento adopta los siguientes acuerdos:

1. Instar a la Diputación Provincial de A Coruña a redactar, con la mayor celeridad posible, el proyecto técnico necesario para el acondicionamiento integral de la carretera provincial DP-5005, que comunica Taboada con Os Loureiros (Andrade) y que discurre por los municipios de Pontedeume, Monfero y Vilarmaior.
2. Instar a la Diputación Provincial de A Coruña a consignar la correspondiente dotación presupuestaria y ejecutar las obras contempladas en dicho proyecto, incluyendo la renovación integral del firme y cuantas actuaciones sean necesarias para mejorar la seguridad vial, funcionalidad de la carretera y, siempre que sea técnicamente posible, el ensanche de aquellos tramos cuya reducida anchura dificulta el cruce seguro de vehículos.
3. Solicitar a los Ayuntamientos de Pontedeume, Monfero y Vilarmaior que actúen de forma coordinada para defender conjuntamente esta actuación ante la Diputación Provincial de A Coruña, dada la importancia estratégica de esta vía para la movilidad de los vecinos de los tres municipios.
4. Dar traslado del presente acuerdo a la Diputación Provincial de A Coruña y a los Ayuntamientos de Pontedeume y Vilarmaior, para su conocimiento y a los efectos oportunos.
5. Mantener informado al Pleno del Ayuntamiento sobre las gestiones realizadas y el estado de tramitación de esta solicitud hasta la ejecución de las actuaciones demandadas.

Monfero, 13 de Julio de 2026"

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu grupo presentou esta moción debido a que os veciños de Taboada lles comentan que é unha vía que está en un estado pésimo e que é da competencia da Deputación. Deseguido procede a súa lectura íntegra.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que o Grupo Socialista está de acordo, que se ben é certo que melloraron algúns treitos o ano pasado, quédanse escasos e é necesaria unha renovación integral da dita vía.

Pola súa banda, o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, pregunta onde toca esa estrada en Vilarmaior. Entre o Sr. Alcalde en funcións e varios concelleiros/a contéstanlle que as casas que hai onde está a entrada á pista do Castelo de Andrade son de Vilarmaior.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a moción. Vótase. O resultado é que votan a favor da súa aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a moción do Partido Popular de Monfero para instar á Deputación Provincial da Coruña á mellora integral da estrada DP-5005 á que se refire este punto da orde do día, queda aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e polo tanto adoptados os acordos que se conteñen nela.

5.- DAR CONTA DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións expón que o que pretenden desde o Goberno Municipal é dar conta da realización das obras da Casa do Canedo destinadas para Centro Social, que xa están totalmente rematadas. Pasa a describir unha breve cronoloxía desde o 29 de xuño para que quede enterado o Pleno da seguinte forma:

SUBVENCIÓN -ITJ- CASA RECTORAL CANEDO EXPEDIENTES TEDEC 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002 DESDE 29-06-2026	
Data	Acción
29-06-2026	Recibíronse as obras
30-06-2026	Aprobouse en XGL as certificacións de obras núms. 2, 3 e 4, polo importe total da adxudicación do contrato
01-07-2026	Págase a certificación de obras núm. 2 (178.141,66€)
02-07-2026	Páganse as certificacións de obras núm. 3 e 4 (208.085,60€)
08-07-2026	Aprobouse en XGL a certificación final das obras, con excesos e defectos de medicións, por importe de 33.813,60€
09-07-2026	Págase a certificación final das obras (33.813,60€)
17-07-2026	Hoxe, esta semana e máis a seguinte, estamos coa tramitación da xustificación da subvención para que nola ingresen.

Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que as obras están totalmente rematadas e que agora están pendentes de que ingresen a subvención. Deseguido declara que o Pleno queda enterado.

6.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO DE 2026

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de xuño de 2026, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO DE 2026

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00177/2026	ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS PEL CONCELLOS 2026	2026-06-01 13:05:00
00178/2026	ASISTENCIAS 05/2026	2026-06-01 13:04:00
00179/2026	CESE FUNCIONARIO INTERINO OPERARIO DE SERVICIOS	2026-06-01 13:57:00
00180/2026	A.C CONCILIA VERÁN	2026-06-01 15:07:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00181/2026	Adxudicación Contrato Menor. PÓLIZA SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL	2026-06-01 14:50:00
00182/2026	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 026XRRSE/2026	2026-06-02 14:09:00
00183/2026	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 027XRRSE/2026 CON AD	2026-06-02 14:01:00
00184/2026	AXUDA TECNICA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS APOIO A MOBILIDADE	2026-06-02 13:59:00
00185/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA 03-06-2026 (16/2026)	2026-06-02 14:36:00
00186/2026	RELACIÓN FACTURAS 029DOK/2026	2026-06-05 12:03:00
00187/2026	EXPDTE M.C 08/2026. GC. APROL 2026 E POS GASTO SOCIAL	2026-06-05 13:29:00
00188/2026	RELACIÓN FACTURAS 030DOISE/2026	2026-06-05 15:03:00
00189/2026	PROCESO SELECCIÓN PROGRAMA RURAL ACTIVO 2026	2026-06-05 15:02:00
00190/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-06-09 10:40:00
00191/2026	RELACIÓN FACTURAS 031DRRSU/2026	2026-06-09 10:43:00
00192/2026	RELACIÓN FACTURAS 028DRRSE/2026	2026-06-09 10:43:00
00193/2026	ADMISIÓN DEFINITIVA CANDIDATOS PEL CONCELLOS 2026 E NOMEAMENTO TRIBUNAL	2026-06-09 11:40:00
00194/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10-06-2026 (17/2026)	2026-06-09 13:55:00
00195/2026	NOMEAMENTO PERSOAL EXECUCIÓN EXECUCIÓN PROGRAMA TEMPORAL	2026-06-11 13:44:00
00196/2026	LEVANTAMENTO REPARAOS RELACIÓN FACTURAS 034XRRSU/2026	2026-06-11 14:19:00
00197/2026	EXPDTE M.C 09/2026 G.C- F.C.A	2026-06-12 12:18:00
00198/2026	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2026	2026-06-15 15:22:00
00199/2026	CONTRATACIÓN PERSOAL PEL 2026 (ALBANEL E PEÓN)	2026-06-16 11:06:00
00200/2026	ADMISIÓN PROVISONAL CANDIDATOS PROGRAMA RURAL ACTIVO 2026	2026-06-16 11:05:00
00201/2026	COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS 19-06-2026 (1/2026)	2026-06-16 14:27:00
00202/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 19-06-2026 (9/2026)	2026-06-16 14:42:00
00203/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18-06-2026 (18/2026)	2026-06-17 12:06:00
00204/2026	ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS BOLSA AUXILIAR ADMINISTRATIVO 2026	2026-06-17 13:32:00
00205/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URGENTE (8/2026)	2026-06-17 14:59:00
00206/2026	CALENDARIO VACACIÓNS PERSOAL 2026	2026-06-21 13:58:00
00207/2026	CONTRATACIÓN PERSOAL PROGRAMA RURAL ACTIVO 2026	2026-06-23 12:49:00
00208/2026	CONTRATACIÓN CONDUTOR SUBSTITUCIÓN	2026-06-23 12:50:00
00209/2026	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2026-06-23 12:49:00
00210/2026	AMPLIACIÓN PLAZO -ITJ- PROXECTO REHAB. INTEGRAL EDIFICIO	2026-06-26 15:04:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

LOCAL SOCIAL

00211/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 29-06-2026 (19/2026)	2026-06-26 14:36:00
00212/2026	SOLICITUDE ANTICIPO AXUDA.- ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS 2026-2027	2026-06-29 11:45:00
00213/2026	CONVOCATORIA XGL EXTRAORDINARIA URXENTE 30-06-2026 (20/2026)	2026-06-29 14:47:00
00214/2026	NÓMINAS 06/2026	2026-06-30 11:19:00
00215/2026	RESOLUCION DISCREPANCIAS	2026-06-30 17:57:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que tamén o teñen todos, que vai desde o decreto 177 ata o 215, e proclama que o pleno toma coñecemento.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Político municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, o Sr. Alcalde en funcións concédella e esta manifesta que estiveron revisando as resolucións da Alcaldía e que lles segue sorprendendo que, pleno tras pleno, aparezan resolucións onde se levantan reparos formulados pola Intervención municipal, que lonxe de ser algo puntual, pois ven que xa se está convertendo nalgo habitual e, entón, que se preguntan que tipo de xestión se está a facer desde o Goberno municipal para que haxa tantos reparos e aparezan tantas resolucións da Alcaldía en todos os plenos, que cren que o Goberno debe de planificar máis as cousas porque a veciñanza de Monfero necesita planificación e non improvisación. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que os reparos danse en todos os concellos, que non sabe de ningún que non os teña, que a maioría son por cousas menores que se compran, que se contratan... por exemplo, hai unha avaría na piscina, chamas ao fontaneiro e xa hai reparo, chamas ao carpinteiro e xa hai reparo, que iso é así, son gastos que non se prevén e que son urxentes, que houbo por exemplo tamén moitas contratacións, como a iluminación pública e iso tamén.

7.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún asunto urxente e da paso ao punto seguinte.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e indica que o seu grupo trae varias cuestións hoxe ao pleno.

Manifesta que no pleno anterior presentaron unha moción de reparación de fontes e lavadoiros e que lles comentaba o Sr. Alcalde en funcións que había un inventario diso no Concello. Que pediron unha copia e a día de hoxe aínda non se lles trasladou e que queren saber se teñen pensado darlles a copia. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que ten que perdoar porque pensou que viría a por ela de forma presencial, que lle entendeu así. A Sra. Concelleira indícalle que prefire

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que lla mande como se lle envían a maioría das cousas, polo Notifica, que queren unha copia e que lla pasen canto antes.

Seguidamente pregunta se teñen pensado limpar os colectores, agora no verán, que fai moitísima calor e visto o estado no que están. Que xa se falou en moitos plenos e pediron moitas veces que se limparan porque é un foco de infeccións tremendo, o cheiro que desprenden é horrible e cre que hai dous anos xa lles dixo que estaba estudando varias ofertas que tiñan para levar a cabo a limpeza. Que non sabe se seguen estudando ou se teñen pensado facer a limpeza ou que van a facer. Que o que piden é que por favor que se laven e que se adecenten porque é un noxo ir a tirar o lixo e os colectores velos como están e o cheiro que desprenden.

A continuación indica que, antes de irnos de vacacións, porque ata setembro non volvemos a ter pleno ordinario, queren preguntar como se atopa o PXOM. Que deron uns meses de marxe que non preguntaron por el para ver se sacaban algo adiante y entón cren que no pleno de xullo é conveniente preguntar como se atopa o PXOM a día de hoxe e que expectativa teñen de cara ao final da lexislatura xa que quedan poucos meses para rematala.

Despois afirma que se contrataron tres peóns para limpeza de espazos naturais cunha subvención que concedeu a Xunta de Galicia e que hai un que está de baixa ou iso lles chegou, e queren saber se teñen pensado cubrir esa baixa ou como van a facer.

Deseguido pregunta como se atopa o desbroce a día de hoxe, que lugares quedan sen rozar e se lles poden pasar un listado daqueles lugares que quedan sen rozar a día de hoxe para ter un pouco de control sobre iso.

Contesta o Sr. Alcalde en funcións, canto ao PXOM, que estivo hai quince días reunido co equipo redactor e a previsión é sacar a provisional en setembro outubro e que tamén quedou con eles que neste mes de xullo a ver se poden vir e ter unha reunión tanto el (o Alcalde en funcións), como a Voceira do PP e o do BNG co equipo redactor para que dea as explicacións do que están facendo e máis dos avances que se están producindo. Que xa os informará e xa os avisará para a reunión.

Continúa, dicindo que é certo que se contrataron tres peón e que un desgraciadamente colleu a baixa e que están falando coa Xunta a ver se poden coller outro, por que tempo, se ten que achegar máis diñeiro o Concello... que o están mirando. A Sra. Concelleira pregúntalle se teñen a intención de substituír a esa persoa. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que a ver que lles di a Xunta, que agora está de baixa. Engade a Sra. Concelleira que cre que non vai volver, que en nove meses non cre. O Sr. Alcalde dille que el (o empregado) pensa que si pero que el (o Alcalde en funcións) cre que non, que por agora teñen que ver o tema económico a ver como está.

Resposta agora ao tema do desbroce que están rozadas as parroquias de Taboada, de Queixeiro e de Vilachá, que San Fiz esperan rematalo antes de que acabe o mes, polo que quedaría Santa Xíá, O Val e O Alto. Que van coa mesma planificación que o ano pasado.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que ten tres preguntas, que unha vai a deixala para o final porque prefere que lle conteste primeiro as dúas primeiras.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Pregunta en primeiro lugar por que non veu a este pleno aínda o da lei de cortas. Contesta o Sr. Alcalde en funcións que estamos estudando os servizos xurídicos do Concello as alegacións dos dous grupos para que na medida do posible non haxa despois alegacións á ordenanza.

Acto seguido fai o rogo de que se lle aumente a asignación ao grupo folclórico. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que xa llo comentou o presidente a principios de ano para aumentarlles a asignación.

Finalmente indica que é consciente de que o Concello solicitou unha subvención á Deputación de 10.000€ para a Lei de Memoria Histórica e eles presentaron un escrito no mes de febreiro, cre que foi, para facer unha homenaxe ao Alcalde e mais á Corporación que foi asasinada no *alzamento* ao abeiro do noventa aniversario e que de momento non saben nada, nin para que van os 10.000€ nin nada. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que a subvención está concedida e que si vai a haber actos, que foi todo coordinado entre o Concello e o Colexio. Pregunta agora o Sr. Concelleiro do BNG cando van a ser os actos e o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que seguramente a finais de ano, que van facer táboas, reunións, homenaxes, que agora non se lembra de memoria pero que lle pode pasar todo o que está previsto, o que está concedido na subvención. Que isto foi para darlle un pouco visibilidade ao traballo que fixeron os alumnos do Colexio.

Informa agora o Sr. Alcalde en funcións que, antes de rematar o Pleno, quere transmitirles, en nome da Asociación de Amigos do Mosteiro, que estiveron onte con el e lle trasladaron que estaban todos invitados, toda a Corporación, para mañá que fan unha xornada cultural no Mosteiro a partir das cinco da tarde.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e vinte e un minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certífico

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor